

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

RESOLUCIÓN do 26 de marzo de 2021 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das novacións para o refinanciamento de débedas co Instituto, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG534D).

O Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 17 de febreiro de 2021, acordou aprobar as bases reguladoras das novacións para o refinanciamento de débedas co Igape e facultou o seu director xeral para a súa convocatoria e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:**Primeiro. *Publicación e convocatoria das bases reguladoras***

Publicar as bases reguladoras das novacións para o refinanciamento de débedas co Igape e convocar para o ano 2021 as devanditas operacións de refinanciamento, que non terán a consideración de axuda de estado, en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG534D).

Segundo. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará cando se produza a primeira das seguintes circunstancias:

a) Que, conforme as solicitudes recibidas, se esgote o crédito orzamentario, o que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, co fin de pechar anticipadamente o prazo de presentación de solicitudes.

b) O 30.12.2021.



Terceiro. Dotación orzamentaria

Naqueles casos en que a concesión da novación requira crédito orzamentario, este realizarase con cargo á partida orzamentaria, cos importes e distribución plurianual que se indican a seguir, logo da existencia de crédito adecuado e suficiente:

Partida orzamentaria	Ano 2021	Ano 2022
06.A1-741A-8310, proxecto 2019 00010	10.000.000 €	8.000.000 €

O director xeral do Igape poderá ampliar estes importes coas xeracións de crédito previstas no artigo 69 do Decreto legislativo 1/1999, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Cuarto. Prazos de duración do procedemento e máximo de formalización de operacións

O prazo máximo para resolver e notificar o acordo de concesión/denegación será de cinco meses desde a data de presentación da solicitude de novación.

Os prazos de formalización das operacións serán os establecidos nos correspondentes acordos de concesión, sen que poidan exceder o 30 de setembro de 2022.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021

Fernando Guldrís Iglesias
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

Bases reguladoras das novacións de préstamos para o refinanciamento de débedas co Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

O Decreto 133/2002, do 11 de abril (DOG nº 78, do 23 de abril) (en diante, Decreto 133/2002), modificado polos decretos 174/2007, do 6 de setembro (DOG nº 186, do 25 de setembro), 45/2009, do 12 de febreiro (DOG nº 48, do 10 de marzo), e 155/2019, do 28 de novembro (DOG nº 234, do 10 de decembro), habilita o Igape para conceder, no ámbito das súas funcións, préstamos ou créditos a favor de empresas de acordo cos requisitos e coas características establecidos nos programas que con carácter xeral para ese efecto aprobe.



Historicamente, o Igape puxo en marcha diversos programas de préstamos, con recursos do Banco Europeo de Investimentos, con fondos estruturais europeos, e con cargo aos seus orzamentos, tanto mediante liñas específicas para emprendedores, sector audiovisual, sector auxiliar do naval, industria 4.0 e innovación, coma con liñas horizontais para facilitar o investimento e o financiamento de circulante para o crecemento e, tamén, recentemente e motivada polo impacto que a crise sanitaria da COVID-19 está a ter nas empresas, cunha liña de financiamento operativo para as pemes máis afectadas polas medidas restritivas adoptadas para a prevención e protección fronte ao coronavirus. Véñese demostrando que estes programas constitúen unha ferramenta eficaz para favorecer o acceso ao crédito das empresas galegas, ao complementar e atender fallos do mercado financeiro con produtos de financiamento público adecuados ao desenvolvemento de proxectos e ás necesidades de liquidez.

Ao abeiro deste marco regulador, o Igape foi concedendo numerosos préstamos, moitos dos cales se amortizaron co cumprimento dos compromisos adquiridos polos beneficiarios, outros permanecen en vigor e outros resultaron con incidencias e dificultades de reintegro.

Na xestión das operacións con dificultades de reintegro preséntanse situacións complexas, tales como:

- Proxectos empresariais que poden ser viables, que manteñen a actividade empresarial e os postos de traballo, pero cuxos recursos xerados resultan insuficientes para cumprir cos prazos de reembolso comprometidos co Igape ou
- Terceiros que prestaron o seu aval persoal ou gravaron os seu bens con hipotecas para garantir as obrigas das beneficiarias, que poderían afrontar o pagamento se este se apraza e fracciona convenientemente, evitando graves prexuízos persoais.

Estas situacións poderían ter unha posibilidade de solución mediante o refinanciamento da débeda.

Mediante a Resolución do 15 de abril de 2020 publicáronse as bases reguladoras das novacións para o refinanciamento de débedas co Igape, e procedeuse á súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva (DOG núm. 76, do 21 de abril), e fixouse o prazo de presentación de solicitudes ata o 30.12.2020.

A persistencia da necesidade de dar solución ás dificultades de reintegro que presentan determinadas operacións de préstamo –máis, se cabe, neste contexto de crise sanitaria



ocasionada pola COVID-19, así como de facilitar a recuperación polo erario autonómico dos importes endebedados, fai aconsellable manter a dispoñibilidade destas liñas de refinanciamento e convocalas de novo no 2021.

Por todo o anterior, o Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 17 de febreiro de 2021, adoptou o acordo de aprobar as seguintes bases polas que se regulan as condicións, os límites e os procedementos para a tramitación das solicitudes de novación de préstamos para o refinanciamento de débedas co Igape.

Artigo 1. *Beneficiarias*

Poderán ser titulares das operacións de novación reguladas nestas bases as persoas físicas e/ou xurídicas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) Sexan titulares de débedas vivas co Igape por préstamos en vigor, que presenten dificultades de liquidez que non lles permiten afrontar as obrigas de pagamento co calendario actual do préstamo.

b) Sexan titulares de débedas co Igape derivadas da falta de pagamento de préstamos xa vencidos.

c) Sexan fiadoras de préstamos do Igape con débedas vencidas.

d) Sexan titulares de bens que garantan débedas vencidas co Igape, derivadas da falta de pagamento de préstamos, e pretendan facer fronte ao reembolso das débedas para evitar a perda do ben.

Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Para os titulares sinalados nas alíneas a) e b) anteriores, exceptúanse as circunstancias previstas nas letras b), e) e g) do citado artigo 10.2, en atención á natureza das novacións reguladas nestas bases cuxa finalidade é o reintegro de débedas preexistentes.

Artigo 2. *Modalidades de operacións*

En función da situación da débeda que se vai novar, as operacións revestirán as seguintes modalidades:



1. Novación modificativa e, se é o caso, extintiva, de préstamos en vigor, para axustar o calendario de reintegro á capacidade de reembolso do titular. En todo o non modificado na novación, mantense vixente o establecido no contrato inicial de préstamo.

2. Novación extintiva de préstamos vencidos, ou das cotas ou cantidades impagadas de préstamos en vigor. Poderán formalizarse tanto cos titulares iniciais como cos garantes ou fiadores, ou cos titulares de bens que garantan a débeda. En todos os casos, suporá a formalización dun nova operación.

Artigo 3. *Condicións xerais das operacións*

1. Prazo e amortización.

1.1. No caso de novacións modificativas de préstamos en vigor, poderá ampliarse a vixencia dos préstamos ata o máximo de 25 anos establecido no Decreto 133/2002, e poderán preverse periodicidades de amortización e de liquidación de xuros diferentes ás establecidas inicialmente, así como incluír períodos de carencia intermedios e/ou adicionais.

No caso de novacións extintivas, dentro do prazo máximo dos 25 anos fixado no Decreto 133/2012, axustaranse os prazos e cadros de amortización á capacidade financeira e de reembolso dos titulares, de forma que se facilite o reintegro e a recuperación dos importes debidos ao erario público autonómico, conforme un plan económico-financieiro que deberá achegar a solicitante.

1.2. A prestameira terá a facultade de proceder ao reembolso total ou parcial anticipado do préstamo, mediante a notificación dirixida ao lgape cun aviso previo mínimo de 15 días hábiles.

1.3. As novacións concedidas poderán incluír cláusulas de amortización anticipada obrigatoria en función de determinadas circunstancias que melloren a liquidez da prestameira, como a obtención do Ebitda en exercicios futuros superiores a determinados limiares ou o cobramento de axudas públicas, entre outros, así como de limitacións na repartición de dividendos da sociedade titular e na devolución de préstamos a socios ou a outras persoas vinculadas. A inclusión destas cláusulas e a súa cuantificación estará fundamentada no plan financeiro achegado pola solicitante.



2. Contías financiáveis.

Poderá novarse o importe total das cantidades debidas, que pode incluír os xuros e os demais conceptos devindicados ata a data da formalización, momento no cal quedará fixado o importe da operación e o cadro de amortización definitivo.

3. Garantías.

As novacións que se aproben ao abeiro destas contarán con garantías adecuadas en función das características da operación. A cuantificación da garantía realizaraa o Igape mediante o procedemento descrito no anexo III.

4. Xuros.

O tipo de xuro determinarase do xeito seguinte:

a) Xuros ordinarios. As novacións que o Igape conceda ao abeiro destas bases devindicarán un tipo de xuro que permita excluír a presenza de axuda de estado, conforme o establecido na Comunicación da Comisión Europea de revisión do método de fixación de tipos de referencia e actualización 2008/C 14/02 (DOCE do 19 de xaneiro).

Para iso, o Igape percibirá xuros adaptados á cualificación do risco e das garantías tomadas. Naquelas solicitudes que cumpran as condicións necesarias, o Igape realizará un estudo dunha cualificación de risco da solicitante seguindo a metodoloxía descrita no anexo II, do cal resultará encadrada nunha das categorías «excelente (AAA-A)», «boa (BBB)», «satisfactoria (BB)», «deficiente (B)», ou «mala/dificultades (CC)». Conforme os criterios descritos no anexo III cualificaranse as garantías para constituír a favor do Igape en tres niveis de colateralización: «alta», «normal» e «baixa».

O tipo de xuro ordinario será a suma do tipo base máis a marxe, que serán determinados conforme os seguintes métodos:

1º. Tipo base: determinarase con base na media do Euríbor a 1 ano rexistrado en setembro, outubro e novembro do ano anterior ao da concesión. O tipo base fixado deste xeito entrará en vigor a partir de xaneiro do ano seguinte. Ademais, para ter en conta variacións significativas, farase unha actualización cada vez que o tipo medio calculado sobre os tres meses seguintes anteriores se desvíe en máis dun 10 % do tipo en vigor. O novo tipo base entrará en vigor o primeiro día do segundo mes seguinte aos meses utilizados para o cálculo. Este tipo de referencia publícao a Comisión Europea na ligazón seguinte: http://ec.europa.eu/competition/state_aid/legislation/reference_rates.html.



2º. Marxe: determinarase, para cada operación, con base na súa cualificación do risco e das garantías presentadas, consonte a seguinte táboa:

Cualificación	Colateralización		
	Alta	Normal	Baixa
Excelente (AAA-A)	0,60 %	0,75 %	1,00 %
Boa (BBB)	0,75 %	1,00 %	2,20 %
Satisfactoria (BB)	1,00 %	2,20 %	4,00 %
Deficiente (B)	2,20 %	4,00 %	6,50 %
Mala/dificultades (CC)	4,00 %	6,50 %	10,00 %

Para os prestameiros que non teñan un historial crediticio, ou unha cualificación baseada unicamente nun enfoque de balance de situación, tales como determinadas empresas constituídas cun obxectivo específico, ou as empresas de nova creación, a marxe será polo menos de 4 puntos porcentuais. En caso de sociedades integradas en grupos, a marxe aplicable a unha empresa nunca podería ser inferior á que sería aplicable á empresa matriz.

b) Xuros de mora. En caso de atraso no pagamento dalgunha das sumas debidas en virtude dos contratos de préstamo que se formalicen, a prestameira incorrerá de pleno dereito en mora sen necesidade de requirimento previo e estará obrigada a pagar sobre a suma vencida o tipo de xuro ordinario do período máis 6 puntos porcentuais anuais. Os devanditos xuros liquidaranse coincidindo co seguinte vencemento trimestral de xuros.

Os xuros percibiranse por días naturais sobre a base dun ano de 360 días.

5. Os contratos mediante os cales se formalicen as novacións someteranse ao dereito privado, aínda cando a débeda a favor do Igape por razón destas operacións terá a cualificación de crédito de dereito público.

Artigo 4. *Criterios de resolución*

1. O Igape concederalles as operacións previstas nestas bases aos solicitantes que cumpran as condicións establecidas, salvo que se aprecie algún dos seguintes motivos de denegación:

a) Falta de capacidade de reembolso da solicitante para a operación regulada nestas bases.



b) Non se supera a puntuación mínima na cualificación do risco de crédito realizada polo Igape consonte a metodoloxía descrita no anexo II.

c) Falta de coherencia do calendario proposto co plan financeiro da solicitante.

d) Vontade inustificada de subordinación do reembolso da débeda co Igape fronte ao pagamento a outros acredores ou outras aplicacións dos recursos financeiros dispoñibles.

e) Falta de asunción de compromisos que puidesen ser razoablemente exixibles, tales como o mantemento de actividades, emprego, etc.

f) O menoscabo da solvencia da parte debedora ou avalista.

g) Cando da análise do risco e do plan económico financeiro presentado non se infira a necesidade de novar a débeda.

2. As solicitudes serán resoltas por orde de entrada de solicitudes completas no Igape, ata a total utilización do orzamento de convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva.

Artigo 5. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. Para presentar a solicitude, o interesado deberá cubrir previamente un formulario electrónico descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto de financiamento, a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>, dentro do prazo establecido na convocatoria.

Deberá cubrir necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador do documento electrónico (IDE) que identificará univocamente a solicitude de axuda.

2. A solicitude presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) que se obterá de xeito obrigatorio na citada aplicación informática, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas que este sexa erróneo (sexa porque teña un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) non serán tramitadas



e concederáselle ao solicitante un prazo de 10 días hábiles para a súa emenda, transcorrido o cal, se dará por desistido da súa petición, logo de resolución de arquivamento.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Os solicitantes por esta vía electrónica deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o/a asinante da solicitude teña a representación da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de maneira que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) A oficina virtual do Igape acepta todos os certificados validados pola plataforma @firma da Administración xeral do Estado, que son os que figuran nesta relación: <http://administracionelectronica.gob.es/PAe/aFirma-Anexo-PSC>.

c) A presentación ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia admite a sinatura da solicitude por parte dun único solicitante. No caso de que deba ser asinada por máis dun solicitante (por exemplo, solicitudes con dous asinantes, representación mancomunada, etc.), deberán anexar necesariamente un documento no cal se deixe constancia de que todos os asinantes autorizan un deles para presentar a solicitude. Este documento realizárase en papel con sinaturas manuscritas e deberá ser escaneado en formato PDF para ser anexado.

Unha vez asinado o formulario de solicitude, mediante certificación dixital do presentador, e transferido este ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

No momento da presentación, o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo en que quedará constancia do feito da presentación.

Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante de recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no formulario. Deberano solicitar no enderezo de correo electrónico informa@igape.es, indicar os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico en que desexan recibir o xustificante.



Artigo 6. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude a documentación específica sinalada no anexo IV. Complementariamente, o Igape poderá solicitar a achega con carácter facultativo daqueloutra documentación xustificativa para os efectos de valoración do risco.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou tales documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitárselle novamente a súa achega á persoa interesada.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela en que for realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Artigo 7. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:



- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) DNI/NIE da persoa representante.
- d) NIF da entidade representante.
- e) Certificado da AEAT de alta no imposto de actividades económicas (IAE).
- f) Certificado da renda do último exercicio no caso de persoas físicas ou comunidades de bens.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de solicitude (anexo I) e presentar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 8. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo ao enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>.

Artigo 9. *Órganos competentes*

A Área de Investimento do Igape será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión. O Comité de Riscos previsto no artigo 10.4 valorará os informes técnicos e, se é o caso, validaraos e elevará a correspondente proposta ao Consello de Dirección do Igape, que será o órgano competente para resolver.



Artigo 10. Instrución dos procedementos, resolución e notificacións

1. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, Lei 39/2015), se a solicitude ou o formulario non reúnen algunha da documentación ou informacións exixidas, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achega dos documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, teráselle por desistido na súa petición, despois da correspondente resolución.

2. As solicitudes serán avaliadas polos servizos dos órganos instrutores, en función dos datos declarados na solicitude, formulario e na documentación presentada, sen prexuízo de que para a cualificación do risco de crédito poida solicitarse información da solvencia da solicitante e dos seus avalistas, para o que se poderán consultar as informacións dos rexistros Mercantil e da Propiedade, da Central de Información de Riscos do Banco de España, así como das bases de datos, mesmo privadas, que recompilen datos de morosidade, incidencias xudiciais ou outros. Tamén se poderá obter información do cumprimento e historial crediticio das entidades financeiras que participen no financiamento do proxecto, así como das sociedades de garantía recíproca.

3. Os servizos técnicos do órgano instrutor emitirán un informe co seguinte contido:

- a) Descrición do solicitante e da operación.
- b) Comprobacións do cumprimento dos requisitos do beneficiario e da operación.
- c) Determinación do importe financiable.
- d) Cualificación do risco de crédito con arranxo á metodoloxía do anexo II.
- e) Valoración das garantías conforme os criterios do anexo III.

4. Comité de Riscos. Estará formado por un número impar de membros, e incluírá representantes do Igape, de XesGalicia e, de ser o caso, das correspondentes consellerías sectoriais. Ademais poderá solicitar a presenza como asesor/a doutro persoal representante de calquera Administración pública, que non participará nas votacións.

O Comité de Riscos supervisará e validará as valoracións dos proxectos incluídas nos informes técnicos, podendo acordar axustes cualitativos na puntuación sempre que sexan motivados.



O Comité de Riscos acordará elevar a proposta de resolución favorable ou desfavorable. Alternativamente, poderá pospoñer a decisión se considera necesario ampliar a información para unha mellor avaliación.

5. A proposta da persoa titular da Dirección Xeral do Igape, fundamentada nos acordos do Comité de Riscos, o Consello de Dirección do Igape decidirá a concesión ou a denegación da operación. Previamente, poderá decidir, mediante acordo motivado, a realización de actuacións complementarias indispensables para resolver o procedemento, incluída a ampliación de información para unha mellor avaliación e a petición de informes complementarios.

6. No acordo de novación farase constar, entre outros datos, a identificación da prestameira, o importe do préstamo novado e, se é o caso, doutros conceptos para refinanciar, o tipo de xuro aprobado, os prazos de vixencia, carencia e formalización, a descrición das garantías para constituír a favor do Igape, así como outras obrigacións e compromisos que se poidan requirir á prestameira. O importe da operación poderá incluír os xuros e demais conceptos que se xeren ata a data de formalización, momento no que quedará fixado o importe definitivo, así como a contía das cotas de amortización.

No acordo denegatorio farase constar o motivo da denegación.

7. As notificacións dos actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Os solicitantes deberán acceder á páxina web do Igape no ligazón tramitación electrónica para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a sinatura electrónica dun xustificante de recepción das notificacións (xustificación de recepción telemático).

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, o Igape practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será o establecido na resolución de convocatoria. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese



resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo. O citado prazo poderá ser suspendido nos supostos establecidos no artigo 22 da Lei 39/2015.

Artigo 11. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao amparo destas bases poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

b) De forma potestativa, recurso previo de reposición ante o órgano ou persoa do Igape que ditou o acordo ou resolución, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, ou en calquera momento para partir do día seguinte a aquel no que, de acordo co establecido nestas bases reguladoras, se produza o acto presunto.

Artigo 12. *Formalización das operacións financeiras*

1. As empresas beneficiarias deberán instar a formalización dos contratos de novación nos prazos establecidos no acordo de concesión. Unha vez transcorridos os prazos sinalados sen formalización, decaerá a concesión e archivarase o expediente, salvo xustificación de razóns que motiven a concesión dunha prórroga do devandito prazo.

O prazo para formalizar os contratos de novación non superará o máximo fixado na convocatoria.

2. Serán por conta da prestameira os gastos asociados á formalización da operación e inscrición de garantías constituídas (notario, rexistrador), así como o custo de liquidación de todos os tributos que a dita operación devindique e de cancelación das garantías unha vez amortizado o risco.

Artigo 13. *Aplicación dos fondos*

1. Nun prazo máximo de 4 meses contados desde a data de formalización, o titular do préstamo deberá presentar no Igape a escritura ou póliza da novación, liquidada e inscrita, se é o caso, nos rexistros competentes.



2. A aplicación dos fondos da operación á cancelación e/ou refinanciamento de débedas indicado no acordo de novación executarase sen saída efectiva de fondos, e terá efectos desde a data da formalización, aínda que se incluíra nos correspondentes contratos unha condición resolutoria para o caso de que non se cumpra o establecido no punto 1 deste artigo.

No caso de novacións extintivas, a aplicación dos fondos da novación á cancelación da débeda preexistente, en canto que a extingue no mesmo acto, supón o cumprimento do requisito exixido no artigo 53.Dous da vixente Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma.

Con todo, os titulares deberán acreditar que se atopan ao día do pagamento das obrigas de calquera outro préstamo, distinto do da operación que se vai novar, concedido anteriormente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma.

Artigo 14. Amortización anticipada obrigatoria e resolución do contrato de financiamento

1. O Igape poderá resolver o contrato de novación, declarando vencido anticipadamente o seu crédito nos seguintes casos:

– O incumprimento da obriga de pago de principal e xuros do préstamo por un importe mínimo equivalente a tres cotas trimestrais.

– A inexistencia, inexactitude substancial ou falsidade da información facilitada pola prestameira na solicitude de préstamo que fose determinante para a súa aprobación.

– No caso de novacións modificativas de préstamos en vigor, nas situacións previstas para o vencemento anticipado no contrato inicial do préstamo e/ou nas bases reguladoras.

A resolución do contrato obrigará ás prestameiras ao reembolso do capital vivo e os correspondentes xuros ordinarios e de mora, se é o caso.

2. A prestameira quedará obrigada ao pagamento das obrigacións procedentes do contrato no termo de cinco días naturais contados desde a data da notificación da resolución do contrato. Se a prestameira incumprise a obrigación de pago no prazo antes sinalado, poderá o Igape, desde o día seguinte, sen máis aviso nin dilixencia e en calquera tempo reclamar xudicialmente o importe que ao seu favor acredite polo contrato, tanto por capital,



como por xuros, gastos e tributos, así como executar as garantías pactadas, tendo en conta que desde o momento da notificación todas as débedas quedan vencidas e son exixibles.

Artigo 15. *Obrigas das prestameiras*

a) Executar as actuacións que fundamenten a concesión da novación nos prazos, se é o caso, establecidos no acordo de concesión.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, o Banco Europeo de Investimentos, os órganos de control da Comisión Europea, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar ao Igape a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da novación.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e pagamento dos conceptos financiados durante, polo menos, un período de catro anos desde a amortización total do préstamo, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

Artigo 16. *Modificacións do proxecto*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da operación poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión ou á súa revogación, no caso de que se considere que a modificación afecta a un aspecto substancial da concesión.

2. A prestameira queda obrigada a comunicar ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente á execución dos fins para os cales foi concedido o préstamo.

3. O Consello de Dirección do Igape poderá acordar a modificación da concesión por instancia da prestameira, nos seguintes supostos:

– Modificación do plan de financiamento previsto.



– Modificación das garantías constituídas a favor do Igape.

– Cambios de titularidade, operacións de transformación societaria, fusión ou escisión: cando o novo titular cumpra cada un dos requisitos destas bases e non supoña un menoscabo da solvencia da parte prestameira ou dos avalistas.

Para iso deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade destas bases.

b) Que a modificación non cause prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de concorreren na concesión inicial, non supuxesen a denegación da operación.

4. O acto polo que se acorde a modificación do acordo será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente no cal se dará audiencia aos interesados. Con todo, poderá prescindirse deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

5. O Igape poderá rectificar de oficio o acordo cando, dos elementos que figuren neste, se deduza a existencia dun erro material, de feito ou aritmético.

6. Os prazos de formalización e de presentación do contrato liquidado e rexistrado poderán ser modificados, logo de solicitude dos interesados, por resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Igape, logo do informe da área de investimento, nos casos en que se acredite que o atraso non é por causa imputable ao beneficiario.

Artigo 17. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na seguinte normativa:

a) Decreto 133/2002, do 11 de abril (DOG nº 78, do 23 de abril), modificado polos decretos 174/2007, do 6 de setembro (DOG nº 186, do 25 de setembro), 45/2009, do 12 de febreiro (DOG nº 48, do 10 de marzo), e 155/2019, do 28 de novembro (DOG nº 234, do 10 de decembro), que habilita o Igape para conceder, no ámbito das súas funcións, préstamos ou créditos a favor de empresas.



b) Comunicación da Comisión, relativa á revisión do método de fixación dos tipos de referencia e de actualización, 2008/C 14/02 (DOCE do 19 de xaneiro).

c) En canto ao cómputo de prazos, aplicarase o disposto no artigo 30 da Lei 39/2015.

Artigo 18. *Paralización de accións de recobramento*

A presentación dunha solicitude de novación que cumpra os requisitos establecidos nestas bases poderá supoñer a paralización durante o período de tramitación daqueles procedementos de recobramento iniciados ou que procedería iniciar por parte do Igape. En caso de resolución denegatoria, continuarase coa súa tramitación.





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
NOVACIÓNS PARA O REFINANCIAMENTO DE DÉBEDAS	IG534D	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF		
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
PARROQUIA		LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO				
ACTIVIDADE						

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do enderezo da internet http://tramita.igape.es . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet http://tramita.igape.es , logo de identificación mediante certificado.	
TELÉFONO MÓBIL	ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos, consignados, relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

ESCRITURA PÚBLICA DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE					
ESCRITURA Nº	DATA ESCRITURA	OUTORGADA POR ANTE O/A NOTARIO/A	Nº DE PROTOCOLO	NIF SOCIEDADE	DOMICILIO SOCIAL SOCIEDADE

PODER DE REPRESENTACIÓN			
PODER Nº	DATA PODER	OUTORGADA POR ANTE O/A NOTARIO/A	Nº DE PROTOCOLO

SOLICITUDE PARA
<input type="checkbox"/> IG254 - Novacións para o refinanciamento de débedas co Igape.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:
<input type="checkbox"/> Que obtivo nos servizos web do Igape (http://tramita.igape.es) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE), obtido da aplicación informática para cubrir solicitudes, e o código de comprobación, debe indicar a continuación, de forma obrigatoria. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
--	------------------------

<input type="checkbox"/> Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

CVE-DOG: mmhhop1-sn02-c7w3-r593-s18i2w9o9kl5





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE			
Para todas as persoas titulares:			
<input type="checkbox"/> Informe detallado da Central de Información de Riscos do Banco de España (CIR) correspondente ao último período dispoñible, consistente nun arquivo en formato PDF asinado electronicamente que o solicitante deberá obter da Oficina Virtual do Banco de España (actualmente na dirección da internet https://sedeelectronica.bde.es)			
<input type="checkbox"/> Detalle da situación de débedas con Facenda, Seguridade Social e Comunidade Autónoma, incluíndo expresamente relación de aprazamentos concedidos con indicación de calendario de pagamentos.			
<input type="checkbox"/> Plan económico financeiro, incluíndo contas de resultados, fluxos de efectivo e balances previsionais, describindo as hipóteses que sustentan as previsións.			
<input type="checkbox"/> Memoria xustificativa da solicitude, evolución das actividades, e do emprego, identificación das causas que motivan a incapacidade de cumprir cos calendarios pactados e feitos que sustentan a capacidade de reembolso futura.			
<input type="checkbox"/> Evolución do restante endebedamento da compañía desde a formalización do préstamo. Operacións financeiras concedidas e amortizacións pagadas a outras entidades.			
<input type="checkbox"/> Refinanciamento doutras débedas previsto: no caso de contemplar un plan de refinanciamento máis amplo, acreditación del mediante escrito das entidades financeiras afectadas e/ou copia dos contratos.			
<input type="checkbox"/> Operacións de financiamento con persoas socias, administradoras ou partes vinculadas. Detalle dos saldos con persoas socias, relación de préstamos recibidos ou concedidos, con copia dos contratos se é o caso.			
<input type="checkbox"/> Plan de amortización da débeda proposto, comparativo coa amortización do restante endebedamento financeiro.			
Nos casos nos que a persoa titular da operación sexa diferente da debedora da débeda a novar (fiadoras, avalistas ou titulares de bens que garantan as ditas débedas):			
<input type="checkbox"/> Para sociedades mercantís:			
<input type="checkbox"/> Contas anuais correspondentes ao último exercicio pechado.			
<input type="checkbox"/> Balance e conta de resultados recentes, asinados polas persoas administradoras.			
<input type="checkbox"/> Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritas no rexistro competente e as súas modificacións posteriores.			
<input type="checkbox"/> Poder da persoa representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente.			
<input type="checkbox"/> No caso de persoas físicas:			
<input type="checkbox"/> Declaración do imposto de patrimonio.			
<input type="checkbox"/> Declaración de bens e débedas persoais, especificando: bens inmoables, indicando valoración aproximada ou taxación, e cargas dos bens; bens móbiles, indicando valoración; activos financeiros; débedas e avais prestados.			
<input type="checkbox"/> Copias das declaracións do IVE (resumo anual do exercicio anterior e liquidacións periódicas do exercicio corrente), no caso de exercer actividade económica.			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO

COMPROBACIÓN DE DATOS		OPÓÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.		
DNI/NIE da persoa solicitante		o
DNI/NIE da persoa representante		o
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS		
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente		AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante		o Sí o Non
NIF da entidade representante		o Sí o Non
Certificado da AEAT de alta no imposto de actividades económicas (IAE)		o Sí o Non
Certificado da renda do último exercicio no caso de persoas físicas ou comunidades de bens		o Sí o Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

CVE-DOG: mmhhop1-sn02-c7w3-r593-s18i2w9o9kl5





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO I
(continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 26 de marzo de 2021 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das novacións para o refinanciamento de débedas co Instituto, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG534D).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS



Xacobeo 2021



Instituto Galego de Promoción Económica (IgaPe)

CVE-DOG: mmhhop1-sn02-c7w3-r593-s8i2w9o9kl5



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO II
Metodoloxía de cualificación do risco de crédito

a) Para persoas que exerzan unha actividade empresarial:

A cualificación do risco será o resultado de valorar os factores de risco relacionados na seguinte táboa:

	Rango de valores
Experiencia previa e traxectoria empresa/promotores	0-15
Antecedentes empresa/promotores en Igape/XesGalicia	0-2
Calidade da xestión operativa	0-10
Capacitación técnica xeral	0-15
Risco de produto	0-9
Risco de mercado	0-9
Capacidade financeira	0-20
Risco por complexidade técnica	0-5
Viabilidade económica e financeira da actuación	0-15
Factores atenuantes do risco	
Cualificación do risco	0-100

1. Asignarase unha puntuación a cada criterio de avaliación no rango de valores indicado.

2. A puntuación asignada a cada criterio de avaliación será produto de conxugar determinados cocientes e valoracións obxectivas coas consideracións cualitativas que sexan acordados no Comité de Riscos previsto no artigo 10.4, e contribuirán á cualificación total do risco, que no seu conxunto estará normalizada entre 0 e 100 puntos. Os aspectos que serán obxecto de valoración en cada criterio serán os seguintes:

Experiencia previa e traxectoria empresa/promotores (0/15)	
Puntos positivos	Anos de actividades da empresa
	Anos de actividades dos socios/promotores noutros proxectos diferentes
Puntos negativos	Constancia de incidencias xudiciais relevantes que poidan implicar continxencias futuras
	Historial de procesos de insolvencia



Antecedentes empresa/promotores en Igape/XesGalicia (0/2)	
Puntos positivos	Experiencia positiva de cumprimento con Igape e fondos xestionados XesGalicia
	Inexistencia de riscos vivos co Igape e fondos xestionados XesGalicia
	Inexistencia de débedas vencidas co Igape e fondos xestionados XesGalicia
Puntos negativos	Historial de incumprimento
	Existencia de débedas impagadas
Calidade de xestión operativa (0/10)	
Puntos positivos	Dispoñer de información contable fiable. Contas anuais auditadas sen incidencias
	Utilizar sistemas de información ERP ou prever a súa implantación no proxecto
	Achegar o organigrama con distribución coherente de funcións e responsabilidades
	Retribución media ao persoal adecuada
	Inexistencia de antecedentes de conflictividade laboral
	Xerencia e administradores-Consello de administración cualificado, achegarse currículo
Capacitación técnica xeral (0/15)	
Puntos positivos	Instalacións produtivas con capacidade apropiada ou investimentos previstos para adquirila
	Experiencia en implantación de proxectos de contía similar nos últimos 5 anos
	Experiencia no produto/servizo
	Dispoñer de persoal cualificado en persoal
	Dispoñer de sistemas de xestión de calidade
	Dispoñer de certificados ambientais
Puntos negativos	Apréciase posible obsolescencia tecnolóxica
	Apréciase capacidade excesivamente dimensionada
	Detéctanse posibles problemas de licenza ou deficiencias técnicas nas actuais instalacións
Risco de produto (0/9)	
Puntos positivos	Posición adecuada no ciclo de vida do produto/servizo
	Independencia de provedores (existencia de provedores alternativos)
	Grao de novidade do produto/razoablemente existirá boa demanda
	Competitividade no prezo
	Competitividade na calidade
	Facilidade de diversificación do produto e adaptación ao mercado
Puntos negativos	Identifícanse riscos de cambios regulatorios en relación co produto
	O produto non está contrastado tecnicamente
	Posibilidade razoable de caída en desuso dos produtos a curto prazo
	Existencia de produtos alternativos altamente competitivos



Risco de mercado (0/9)	
Puntos positivos	Dispoñer de cota de mercado histórica
	Grao de diversificación da carteira de clientes
	Vendas predicibles (existencia de contratos, boa demanda...)
	Existencia dun plan de márketing
	Diversificación xeográfica e tamaño de mercado amplo
	Dispoñer de rede comercial adecuada
	Existencia de barreiras de entrada identificadas que fosen superadas
Puntos negativos	Mercado maduro ou altamente competitivo
	Barreiras de entrada que afecten o proxecto
	Inestabilidade nos prezos
	Dependencia de intermediarios
Capacidade financeira (0/20)	
Puntos positivos	Empresas cun mínimo de 2 anos de estados financeiros con actividade
	Cociente fondos propios/pasivo total
	Cociente endebedamento financeiro/EBITDA
	Rotacións de circulante coherentes/fondo de manobra apropiado
	Tendencia positiva a nivel de vendas e de cash flow
	Gastos financeiros contidos
	Resultado do exercicio/fondos propios
	Magnitude do proxecto en relación coa estrutura previa
	Empresas sen un mínimo de 2 anos de estados financeiros con actividade
	Cociente débeda total/fondos propios
	Financiamento que se vai conceder/fondos propios
	Financiamento que se vai conceder/débeda total
Puntos negativos	Existencia de saldos relevantes con socios ou administradores, excepto achegas acreditadas para capitalizar
	Cociente fondos propios/pasivo total inferior ao limiar
	Existencia de empresas vinculadas que dificulten a análise
	Adiamentos de débedas con administracións
Risco por complexidade técnica (0/5)	
Puntos positivos	Cualificación técnica suficiente (non se aprecia ausencia de capacidade para levar a cabo o proxecto)
	O proceso carece de complexidade técnica
	Experiencia exitosa en proxectos similares



Puntos negativos	Requírese especial cualificación pendente de adquirir
	Non está suficientemente contrastada a tecnoloxía necesaria
	Non está contrastado suficientemente o proceso industrial
Viabilidade económica e financeira da actuación (0/15)	
Puntos positivos	Grao de razoabilidade das hipóteses que sustentan as previsións
	A memoria inclúe conta de resultados previsional cun grao de detalle suficiente
	A memoria inclúe estado de fluxos de efectivo previsional ou plan de tesouraría claro e con detalle suficiente
	Achéganse os balances de situación previsionais
	Cash flow previsional suficiente para o servizo da débeda
	Achéganse datos suficientes para o cálculo do TIR, e este polo menos duplica o custo medio do financiamento
Puntos negativos	As previsións económicas non gardan coherencia cos datos históricos ou son excesivamente optimistas
	Non se valoran as necesidades de circulante e o seu financiamento
	Incoherencia entre os prazos do financiamento e a vida útil dos bens financiados
	Non se analiza adecuadamente o impacto do proxecto

3. A puntuación do risco así obtida dará lugar a unha clasificación en cinco categorías, consonte a seguinte táboa:

Cualificación do risco	Puntuación
Excelente (AAA-A)	86-100
Boa (BBB)	66-85
Satisfactoria (BB)	50-65
Deficiente (B)	25-49
Mala/dificultades (CC)	0-24

b) Para persoas físicas que non exerzan actividades empresariais, que resulten prestameiras das operacións novadas por seren avalistas ou fiadoras das débedas vencidas co lgaqe, ou titulares de bens que garantan as ditas débedas:

	Rango de valores
Rendas	0-25
Valor patrimonial neto	0-25
Magnitude do préstamo	0-50
Factores atenuantes do risco	
Cualificación do risco	0-100



1. Asignarase unha puntuación a cada criterio de avaliación no rango de valores indicado.

2. A puntuación asignada a cada criterio de avaliación será produto de conxugar determinados cocientes e valoracións obxectivas coas consideracións cualitativas que sexan acordados no Comité de Riscos previsto no artigo 10.4, e contribuirán á cualificación total do risco, que no seu conxunto estará normalizada entre 0 e 100 puntos. Os aspectos que serán obxecto de valoración en cada criterio serán os seguintes:

Rendas (0/25)	
Factores para considerar	Estabilidade dos ingresos
	Diversificación dos ingresos
	Constancia de incidencias xudiciais relevantes que poidan implicar continxencias futuras
	Historial de procesos de insolvencia
Valor patrimonial neto (0/25)	
Factores para considerar	Tipo de bens patrimoniais dispoñibles
	Prazo de devolución das restantes débedas/rendas
Magnitude do préstamo (0/50)	
Factores para considerar	Relación ingresos/préstamo solicitado
	Relación préstamo/idade do titular
	Relación patrimonio neto/préstamo

3. A puntuación do risco así obtida dará lugar a unha clasificación en cinco categorías, consonte a seguinte táboa:

Cualificación do risco	Puntuación
Excelente (AAA-A)	86-100
Boa (BBB)	66-85
Satisfactoria (BB)	50-65
Deficiente (B)	25-49
Mala/dificultades (CC)	0-24

c) No caso de avalistas, fiadores ou titulares de bens que garantan as débedas vencidas, a puntuación obtida deberá acadar polo menos 50 puntos. Toda puntuación inferior a esta contía mínima suporá a desestimación da solicitude presentada.



ANEXO III
Criterios de valoración das garantías

O nivel de garantías ofrecidas valorarase con base nunha estimación da porcentaxe de perda en caso de falta de pagamento, consonte a seguinte táboa:

Colateralización	Puntos	Perda en caso de falta de pagamento
Alta	71-100	<30 %
Normal	41-70	Entre 30 % e 60 %
Baixa	0-40	>60 %

A perda en caso de falta de pagamento será estimada conforme os seguintes criterios:

1. Garantía persoal societaria: puntuarase a garantía persoal dunha sociedade, tanto na súa condición de titular como pola súa condición de terceiro fiador, aplicando a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = 5 \times (\text{patrimonio neto conforme os seus últimos estados financeiros}) / (\text{importe operación garantida}).$$

A puntuación máxima por este tipo de garantías societarias será de 41 puntos.

2. Garantía persoal de persoas físicas: puntuarase a garantía persoal dunha persoa física, tanto na súa condición de titular como pola súa condición de terceiro fiador, e aplicarase unha puntuación fixa de 10 puntos polo compromiso persoal adquirido, independentemente do seu patrimonio ou ingresos.

Adicionalmente, poderá asignarse unha puntuación superior se se acredita un patrimonio inmobiliario adicional á vivenda habitual, libre de cargas e cunha valoración baseada en taxacións independentes.

A puntuación máxima por este tipo de garantías será de 41 puntos.

3. Cando as garantías consistan en hipotecas en primeiro rango sobre inmobles: considerarase o valor segundo a taxación por sociedade homologada polo Banco de España.

$$\text{Puntos} = 80 \times (\text{valor de taxación}) / (\text{importe operación garantida}).$$



4. Cando as garantías consistan en hipotecas ou peza sen desprazamento sobre bens mobles: considerarase o valor de taxación segundo o informe pericial independente.

$$\text{Puntos} = 60 \times (\text{valor de peritaxe}) / (\text{importe operación garantida}).$$

5. Cando as garantías consistan en avais bancarios, de sociedade de garantía recíproca ou peñoramento de activos financeiros líquidos ou de dereitos de crédito, considerarase o seu valor nominal.

$$\text{Puntos} = (\text{límite do aval}) / (\text{importe operación garantida}) \times 100.$$

Para unha mesma operación poderán tomarse garantías de distinto tipo e acumularanse as puntuacións que correspondan.

ANEXO IV

Documentación para presentar coas solicitudes

1. Informe detallado da Central de Información de Riscos do Banco de España (CIR) correspondente ao último período dispoñible, consistente nun arquivo en formato PDF asinado electronicamente que o solicitante deberá obter da Oficina Virtual do Banco de España (actualmente no enderezo da internet <https://sedeelectronica.bde.es>).

2. Detalle da situación de débedas con Facenda, coa Seguridade Social e a Comunidade Autónoma, incluíndo expresamente a relación de aprazamentos concedidos con indicación do calendario de pagamentos.

3. Plan económico financeiro, incluídas as contas de resultados, os fluxos de efectivo e os balances previsionais, describindo as hipóteses que sustentan as previsións.

4. Memoria xustificativa da solicitude, evolución das actividades e do emprego, identificación das causas que motivan a incapacidade de cumprir cos calendarios pactados e feitos que sustentan a capacidade de reembolso futura.

5. Evolución do restante endebedamento da compañía desde a formalización do préstamo. Operacións financeiras concedidas e amortizacións pagadas a outras entidades.

6. Refinanciamento doutras débedas previsto: no caso de prever un plan de refinanciamento máis amplo, acreditación deste mediante escrito das entidades financeiras afectadas e/ou copia dos contratos.



7. Operacións de financiamento con socios, administradores ou partes vinculadas. Detalle dos saldos con socios, relación de préstamos recibidos ou concedidos, con copia dos contratos, se é o caso.

8. Plan de amortización da débeda proposto, comparativo coa amortización do restante endebedamento financeiro.

9. Nos casos en que o titular da operación sexa diferente do debedor da débeda que se vai novar (fiadores, avalistas ou titulares de bens que garantan as ditas débedas):

a) Para sociedades mercantís:

1º. Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e as súas modificacións posteriores, e poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, de ser o caso, no rexistro competente.

2º. Contas anuais correspondentes ao último exercicio pechado.

3º. Balance e conta de resultados recentes, asinados polos administradores.

b) No caso de persoas físicas:

1º. Declaración do imposto de patrimonio.

2º. Declaración de bens e débedas persoais, especificando:

- Bens inmobles, indicárase a valoración aproximada ou taxación, e cargas dos bens.
- Bens mobles, indicárase a valoración.
- Activos financeiros.
- Débedas.
- Avais prestados.

3º. No caso de exercer actividade económica: copias das declaracións do IVE: resumo anual do exercicio anterior e liquidacións periódicas do exercicio corrente.

